

Anexo III

Memoria final Toponimia-GEOARPAD

Enlaces a noticias de prensa e de internet sobre o acto de presentación pública da **aplicación Galicia Nomeada** e do **portal da Toponimia de Galicia**, así como do éxito da plataforma colaborativa ao longo do ano 2020



REAL
ACADEMIA
GALEGA



GEOARPAD



Rede de
Dinamización
Lingüística



Xacobeo 2021



**XUNTA
DE GALICIA**

NOTA PRELIMINAR:

Malia que nas notas de prensa que enviou a xornalista da RAG a todos os medios de comunicación galegos figuraba que estes produtos se crearan con cargo ao Programa de Cooperación Interreg VA España – Portugal (POCTEP 2014-2020), concretamente no marco do Proxecto 0358 GEOARPAD "Patrimonio cultural da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", foron poucos os xornais que citaron explicitamente este dato. No entanto, algúns si mencionan este dato grazas á mencionada nota de prensa.

Agora ben, tanto nas novas publicadas na web da RAG como no portal da Toponimia de Galicia, menciónase sempre o proxecto e europeo que permitu a creación desta tecnoloxía como se poderá ver a continuación.

Neste momento, non está da nosa man que os xornalistas dos distintos medios que se fixeron eco da presentación das dúas ferramentas toponímicas dixitais rectifiquen os seus escritos para mencionar o proxecto europeo.

■ Acto de presentación pública da plataforma Galicia Nomeada e do portal da Toponimia de Galicia o 20 de decembro de 2020.

- Web da RAG: [A nova plataforma Galicia Nomeada abra a recolleita de microtopónimos á colaboración cidadá](#)

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles Android e iOS. Os topónimos introducidos polos usuarios serán supervisados por un equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, responsable dos contidos da plataforma, desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta de Galicia no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. A plataforma chega acompañada da actualización do portal [Toponimia de Galicia](#), no que colaboran igualmente a Academia e a Xunta de Galicia. Esta web, desde a que se poderá acceder tamén a Galicia Nomeada, enriquecese con novos contidos divulgativos elaborados polos especialistas da RAG co propósito de ser o espazo de referencia para todos os amadores da toponimia.

Tanto Toponimia de Galicia como a plataforma colaborativa Galicia Nomeada, forman parte das actividades desenvolvidas no ámbito de actuación do Programa de Cooperación Interreg V A España – Portugal (POCTEP 2014-2020), que se incardinan no proxecto 0358 GEOARPAD "Patrimonio cultural da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal". Trátase dun proxecto sobre a dixitalización do noso patrimonio cultural colectivo no que participan a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Real Academia Galega.

Unha parte fundamental dun tesouro común



- 21 noticias: [A nova plataforma Galicia Nomeada abre a recolleita de microtopónimos á colaboración cidadá e reforza a divulgación dun patrimonio único](#)
- El Correo Gallego: [Galicia nomeada abre a recolleita de microtopónimos á cidadanía](#)

13 jul 2020 / 00:10

Coronavirus /
Baixan en 6 os
casos activos até os
253 en Galicia e
soben a 10.940 os
pacientes curados



A RAG e a Xunta presentaron onte esta plataforma na que colaboran, que facilitará a cooperación cidadá interxeracional para a recolleita da microtoponimia. O espazo virtual permitirá aos usuarios xeorreferenciar os nomes do territorio da súa contorna e acompañalos de fotografías, textos e gravacións coa súa pronuncia, lendas asociadas ou descrições.

12 jul 2020 / 15:29

12-J / Las imágenes
de las elecciones



Conta cunha versión de escritorio e ofrece unha aplicación para móbiles Android e iOS. Os topónimos introducidos polos usuarios serán supervisados por un equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da RAG, responsable dos contidos da plataforma, desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia asumiu a parte tecnolóxica.

13 jul 2020 / 01:32

Activan protocolo
de seguridad en una
playa de A Coruña
por un posible
positivo



A plataforma chega acompañada da actualización do portal Toponimia de Galicia, no que colaboran ambas institucións.

12 jul 2020 / 19:37

Contaminación / Un
vertido provoca el
cierre al baño en la
playa de Montalvo,
en Sanxenxo



Esta web, desde a que se poderá acceder tamén a Galicia nomeada, enriquecese con novos contidos divulgativos elaborados polos especialistas da RAG co propósito de ser o espazo de referencia para todos os amadores da toponimia.

12 jul 2020 / 17:37

[O proxecto conta co financiamento do proxecto Georpad, como acción integrada no Interreg.](#)

- Consello da Cultura Galega: [Plataforma colaborativa para a recolleita da microtoponimia galega](#)

- CRTVG: [Coa app Galicia Nomeada podemos axudar a manter os millóns de topónimos aínda por rexistrar](#)
- Código Cero: [Chega a gran plataforma participativa para preservar e mostrar o tesouro único da toponimia galega](#)

Chega a gran plataforma participativa para preservar e mostrar o tesouro único da toponimia galega

venres, 20 de decembro do 2019 / Redacción

Hoxe presentouse unha nova web galega destinada a preservar, visualizar, reivindicar e compartir a riqueza galega en materia de nomes de lugar. Trátase de **Galicia Nomeada**, unha plataforma que nace directamente dun caso singular e único a nivel europeo: non existe ningún outro país coma o noso que atesoure tantos e tan variados topónimos de terra e mar (talasonimia). A web foi dada a coñecer polo vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, quen



destacou o caso único galego, tanto pola cantidade como pola antigüidade e a densidade de denominacións por km2. O proxecto foi desenvolvido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) en colaboración coa Real Academia Galega (RAG). Entre os seus puntos máis destacados inclúese unha aplicación colaborativa que permite recoller a microtoponimia, rexistrala, xeorreferenciala e difundila desde o novo Portal de Toponimia de Galicia, cuxa actualización se deu a coñecer no mesmo acto. **Conta co financiamento do proxecto GEOARPAD, como acción integrada no programa INTERREG.**

O vicepresidente da Xunta destacou que este proxecto é unha "iniciativa aberta á cidadanía, porque

- Cultura Galega: [Xunta e RAG presentan a plataforma para visualización e preservación da toponimia do país](#)
- Galicia Confidencial: [Atopa ou publica o microtopónimo do lugar onde vives](#)
- Galicia Press: [Descarga 'Galicia Nomeada', la app que nos permite conservar la infinita toponimia de Galicia](#)
- Historia de Galicia: [Galicia, o país dos 2 millóns de microtopónimos](#)
- GCDiario: [Descubre la microtoponimia de Galicia](#)
- La Voz de Galicia:
 - [Galicia Nomeada, a ferramenta dixital para salvar dous millóns de topónimos](#)
 - [Begoña Blanco anima a realizar aportacións á plataforma Galicia nomeada](#)
- Nós Diario: [Toda a toponimia do país ao alcance das galegas](#)

- Nós Televisión: [Unha app para recuperar a toponimia e a memoria do país](#)
- Ecodixital: [A nosa riquísima toponimia, a man](#)



Esta acción certamente pioneira favorece a salvagarda, compilación e divulgación do tesouro toponímico de Galicia, **“un caso singular sen comparanza en Europa en variedade, antigüidade e densidade de denominacións por km². Un terzo das entidades de poboación de España están aquí, o que explica a nosa vizosa macrotoponimia”**, recordou o vicepresidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, na presentación feita o 20 de decembro. **A iniciativa enmárcase na Memoria Dixital de Galicia, estratexia pública para consolidar un fondo dixitalizado do patrimonio cultural co financiamento do Geopard, dende o do programa Interreg.**

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia en colaboración coa Real Academia Galega son os grandes organizadores pero, ao ter a aplicación colaborativa, é tamén unha iniciativa aberta que implica a toda a sociedade. Calquera persoa pode participar de forma activa para enriquecer datos.

- Praza Pública:
 - [O país dos dous millóns de topónimos](#)
 - Praza: **“[A microtoponimia é o espello no que podemos ver a pequena historia de cada aldea. Cada nome está posto por algo](#)”**
- GaliciaSur-Pontevedra: [A Xunta presenta Galicia Nomeada, unha plataforma de referencia na salvagarda e divulgación do tesouro toponímico](#)

NOTICIAS MÁIS VISTAS



Unha trintena de novos alumnos de boxeo e karate levan a cabo no CGTD as sesións de primeiros auxilios do curso de adestradores deportivos nivel I

ACiP denuncia a existencia de toneladas de restos de poda e lixo abandonados nunha leira municipal situada nun Parque Forestal

A XUNTA PRESENTA GALICIA NOMEADA, UNHA PLATAFORMA DE REFERENCIA NA SALVAGARDA E DIVULGACIÓN DO TESOURO TOPONÍMICO

6 de decembro de 2019 en Xunta de Galicia

Compartir noticia

Facebook

Twitter

Google plus

Enviar por e-mail

Imprimir este artículo

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; a directora da Amtega, Mar Pereira; o director do IET, Guillermo Ramón Evia, e o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, presentaron hoxe o proxecto

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, presentou hoxe Galicia Nomeada (<https://galicianomeada.xunta.gal/>), unha plataforma web pioneira que favorece a salvagarda, a compilación e a divulgación do tesouro toponímico de Galicia: "un caso singular sen comparación en España nin en Europa en variedade, antigüidade e densidade de denominacións por Km2. Un terzo das entidades de poboación de España está en Galicia, o que explica a nosa vizosa macrotoponimia", recordou.

O proxecto, desenvolvido pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) en colaboración coa Real Academia Galega (RAG), ofrece tamén unha aplicación colaborativa que permite recoller a microtoponimia, rexistrala, xeorreferenciala e difundila desde o novo Portal de Toponimia de Galicia (<https://galicianomeada.xunta.gal/>), cuxa actualización se deu a coñecer no mesmo acto. Conta co financiamento do proxecto GEOARPAD, como acción integrada no programa INTERREG

- Portal da toponimia de Galicia: [Presentada Galicia Nomeada, a plataforma colaborativa de recolla toponímica.](#)

Toponimia de GALICIA TOPONIMIA O PROXECTO DETRÁS DO NOME NOVAS COLABORA SABÍAS QUE...

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles Android e iOS. Os topónimos introducidos polos usuarios serán supervisados por un equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega, responsable dos contidos da plataforma, desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta de Galicia no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. A plataforma chega acompañada da actualización do portal Toponimia de Galicia, no que colaboran igualmente a Academia e a Xunta de Galicia. Esta web, desde a que se poderá acceder tamén a Galicia Nomeada, enriquecese con novos contidos divulgativos elaborados polos especialistas da RAG co propósito de ser o espazo de referencia para todos os amantes da toponimia.

Ambas as dúas ferramentas culturais foron creadas con financiamento do Programa europeo de cooperación Interreg VA España-Portugal (POCTEP 2014-2020), no marco do proxecto chamado 0358 GEOARPAD "Patrimonio Cultural da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal".

- > O traballo das persoas usuarias de Galicia Nomeada na prensa
- A rede cidadá de colaboradores de
- > Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dous meses
- > O parque Ofimático recupera o seu nome tradicional: Xuxán

Relacionados

- > A decisión do Concello de Ribeira sobre o seu topónimo, na prensa
- > O traballo das persoas usuarias de Galicia Nomeada na prensa
- > O parque Ofimático recupera o seu nome tradicional: Xuxán

■ Novas sobre o éxito de Galicia Nomeada non seus primeiros meses de vida.

- Web da RAG: [A rede cidadá de colaboradores de Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dous meses](#)



Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles Android e iOS. Esta plataforma foi desenvolvida ao abeiro dun acordo entre a Real Academia Galega e a Xunta de Galicia que inclúe tamén o novo portal **Toponimia de Galicia** e no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. forman parte das actividades desenvolvidas no ámbito de actuación do Programa de Cooperación Interreg V A España – Portugal (POCTEP 2014-2020), que se incardinan no proxecto 0358 GEOARPAD "Patrimonio cultural da Eurorexión Galicia-Norte de Portugal". Trátase dun proxecto sobre a dixitalización do noso patrimonio cultural colectivo no que participan a Secretaría Xeral de Política Lingüística, o Instituto de Estudos do Territorio, a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e a Real Academia Galega.

PRIMAVERA das letras



Novas da Academia
Subscríbete

PORTAL DAS
PALABRAS



A palabra do día

- GCiencia: [Recuperan 9.000 tóponimos grazas á rede Galicia Nomeada. A iniciativa da Real Academia Galega é un éxito coa participación de máis de 600 voluntarios que achegaron nomes de 140 concellos](#)
- Nós Diario: [A rede cidadá de colaboradores de 'Galiza Nomeada' recupera 4.000 microtopónimos. A aplicación recibiu máis de 600 solicitudes de persoas interesadas en rexistrar e xeorreferenciar nomes do territorio da súa contorna](#)
- Galicia Confidencial: [Así é Galicia a través dos seus topónimos. A rede cidadá de colaboradores da aplicación Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dous meses](#)
- TVG: [Unha aplicación da RAG recupera en dous meses 4.000 microtopónimos](#)
- Galicia Press: [Voluntarios gallegos recuperan 4.000 topónimos en solo dos meses 20 minutos: La red ciudadana de colaboradores de la aplicación Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dos meses](#)
- La Voz de Galicia: [Os novos nomes antigos, das Abelairas a Zarra. A aplicación Galicia Nomeada recupera máis de 4.000 microtopónimos en menos de dous meses](#)
- O Barbanza: [Barbanza contribúe con milleiros de topónimos á plataforma participativa Galicia Nomeada](#)
- Faro de Vigo: [Una aplicación de la RAG recupera 4.000 microtopónimos en dos meses. En Pontevedra se recogieron más de mil nombres de montes, fincas o fuentes o en 29 de los 61 ayuntamientos de la provincia](#)
- Deza: [La aplicación 'Galicia Nomeada' recoge 1.025 topónimos de Silleda](#)
- La Opinión: [Os gardiáns da microtoponimia galega. A rede cidadá de colaboradores de 'Galicia Nomeada' recupera 4.000 nomes de montes, leiras, fontes e mesmo penedos en dous meses](#)

- El Correo Gallego: [Galicia Nomeada consegue recuperar, en dous meses, catro mil microtopónimos](#)
- El Ideal Gallego: [La red de colaboración “Galicia Nomeada” registra 284 microtopónimos en la ciudad](#)
- Portal da Toponimia de Galicia: [A rede cidadá recupera 4.000 microtopónimos en dous meses](#)

Malia a boa marcha do proxecto, son aínda moitos os concellos pendentes de incorporarse a Galicia Nomeada. As persoas interesadas en colaborar nesta tarefa colectiva de recuperación do noso patrimonio toponímico poden contactar con Galicia Nomeada [nesta ligazón](#). Posteriormente, o seu equipo técnico contactará coas persoas que soliciten unha conta para comezar a introducir topónimos ou facer suxestións sobre os existentes na súa zona de traballo.

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén está dispoñible nunha aplicación para móbiles [Android](#) e [iOS](#). Esta plataforma foi desenvolvida ao abeiro dun acordo coa Xunta de Galicia no que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (AMTEGA) asumiu a parte tecnolóxica. O proxecto conta co financiamento do proxecto [Geoarpad](#), como acción integrada no Programa de Cooperación Interreg VA España – Portugal (POCTEP 2014-2020).

- Portal da Toponimia de Galicia: [Máis de cen solicitudes de contas de usuario para Galicia Nomeada nun único día](#)

Tras publicarmos as estatísticas das achegas nos últimos dous meses, a aplicación colaborativa Galicia Nomeada recibiu a **solicitud de máis de 100 novas contas de usuario nun único día** para contribuír a salvagardar o patrimonio toponímico de Galicia. A ferramenta que está tendo tanto éxito entre o voluntariado cultural de Galicia foi creada con cargo ao proxecto europeo [Geoarpad](#), integrado no Programa de Cooperación Interreg VA España – Portugal (POCTEP 2014-2020).

Se ti tamén queres por o teu grao de area nesta obra colectiva, precisas cubrir un formulario de solicitude no que agradecemos a maior cantidade de datos posibles (nome, apelidos, correo electrónico, provincia, teléfono de contacto, profesión, estudos, motivo polo que decides realizar achegas e concellos sobre os que tes un maior coñecemento). O sistema non é automático pois require a validación do equipo de especialistas do Seminario de Onomástica da Real Academia Galega.

Galicia Nomeada conta cunha versión de escritorio e tamén cunha aplicación para dispositivos [Android](#) e [Apple](#). Se tiveres algunha dúbida sobre o funcionamento da app ou sobre o portal Galicia Nomeada, contacta connosco. [Agardámoste!](#)

Compárteo

[+](#) [f](#) [t](#) [w](#)

Últimos artigos

- > A decisión do Concello de Ribeira sobre o seu topónimo, na prensa
- > O traballo das persoas usuarias de Galicia Nomeada na prensa
- > A rede cidadá de colaboradores de Galicia Nomeada recupera 4.000 microtopónimos en dous meses
- > O parque Ofimático recupera o seu nome tradicional: Xuxán
- > Descarga de balde a app Galicia Nomeada

- La Voz de Galicia: [Aquí recupera Galicia su memoria.](#)
- La Voz de Galicia: [El país de las 20.000 Fontes y 10.000 Penas](#)
- El Progreso: [Un joven recupera 200 topónimos de Burela y Cervo con la ayuda de sus abuelos.](#)

- O Faro de Vigo: [Deza Nomeada, actualidade do proxecto na comarca.](#)